

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

Relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de auxiliar de axuda a domicilio, a xornada parcial (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

##### ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000028

Mediante Decreto 651/2023, do 24 de marzo, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo de auxiliar do servizo de axuda a domicilio (xornada parcial), incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobado a relación provisional de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de auxiliar de axuda a domicilio pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Sub-grupo C2, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

##### a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE
1	Caínzos Prieto, María Carmen	***1620**	Non

##### b) Persoas aspirantes excluídas: Ningunha

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

O persoal aspirante que estea en posesión do CELGA 3 (ou equivalente) e que non o achegou, poderá facelo no indicado prazo.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 27 de marzo de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2023/2235